

Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal para o día 25 de marzo de 2019 (Pleno 03/2019)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía por Decreto 735/2019 de 20 de marzo, e de acordo co previsto no art. 113.1 e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión ordinaria do Pleno** que terá lugar no Salón de sesións da Casa do Concello o **día 25 de marzo de 2019 ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Asi mesmo infórmase que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícase que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

Sesión de: Pleno	Data da sesión: 25/03/2019
Convocatoria: Sesión 03/2019	Hora: 20:30 h.

- 1.- Acta da sesión anterior (25/02/2019). Aprobación.**
- 2.- Bonificación ICIO, construción nave destinada a garaxe e oficinas de empresa de transportes. (CIFECRIC de 18/03/2019)**
- 3.- Bonificación ICIO, construción de nave destinada a almacén de empresa de imaxe e comunicación. (CIFECRIC de 18/03/2019)**
- 4.- Convenio entre a FEMP e a AEAT en materia recadatoria. Adhesión. (CONV 08/2019). (CIFECRIC de 18/03/2019)**
- 5.- Contrato administrativo de xestión de servizo público, baixo a modalidade de concesión “Recollida de lixo, transporte, punto limpo e canceira do Concello de Carballo” (SEP 01/2012). Modificación nº 4. Revisión de prezos. Aprobación. (CIFECRIC de 18/03/2019)**
- 6.- Seguimento de órganos de goberno:**
 - 6.1.- Resolucións da Alcaldía.
 - 6.2.- Acordos da Xunta de Goberno Local
 - 6.3.- Rogos e preguntas

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, no seu caso, sírvase asinar a presente.

Documento asinado dixitalmente, en Carballo, na data que figura ao marxe.

O Secretario
D. José Villán Fuertes